



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Proxecto de Lei polo que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o funcionamento dos centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se modifica a ordenación urbanística provisional do termo municipal de Pontearreas
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do Corredor Sarria-Monforte de Lemos
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da variante da PO-546 no termo municipal de Pontevedra entre O Regueiriño e a PO-11
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da VAC da Costa Norte. Variante de Ortigueira (conexión AC101-Espasante)



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Arzúa, A Barcala, Melide, Xallas, Chantada, A Fonsagrada, Meira, Terra de Lemos, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Verín, Caldas, O Condado, O Salnés e Tabeirós

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na Orde pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello da Coruña para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral no marco do II Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral no marco do II Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de Diminuídos Psíquicos con Eles, para contribuír ao mantemento do centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor, para contribuír ao mantemento do centros ocupacional e de día



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA), para contribuír ao mantemento dos centros residencial ocupacional, residencial asistencial maiores e residencial asistencial menores
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de Padres de Paralíticos Cerebrales (AMENCER), para contribuír ao mantemento do centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de pais do centro de apoio familiar para autistas e psicóticos-A Braña (APACAF), para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de Padres de Minusválidos de Pontevedra, para contribuír ao mantementos dos centros ocupacional e de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación a favor de las personas con discapacidad intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX), para contribuír ao mantemento dos centro ocupacional e de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación para o tratamento do autismo-Baión (BATA), para contribuír ao mantemento dos centros residencial asistencial de maiores e residencial asistencial de menores
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación benéfica social de padres y amigos La Esperanza de Val Miñor, para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional e de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de padres de alumnos disminuídos psíquicos Virgen de la O, para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional e de vivenda comunitaria



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación San Xerome Emiliani, para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional, centro de día e de atención temperá
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade O Pelouro, para contribuír ao mantemento do centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Orden Hospitalaria de San Juan de Dios (San Rafael), para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional e residencial ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación para la formación y promoción de personas con discapacidad (Juan XXIII-Cangas), para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional e de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación para la formación y promoción de personas con discapacidad (Juan XXIII-Pontevedra), para contribuír ao mantemento dos centros ocupacional, centro de día e vivenda comunitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa-Crecente, para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa-Mos, para contribuír ao mantemento do centro residencial ocupacional Santa María de la Esperanza
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Fundación Menela, para contribuír ao mantemento dos centros residencial asistencial e de día



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Fundación Internacional O´Belén para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no centro de atención específica Montefiz
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Camiña Social, para contribuír á atención dos menores en réxime de internamento no centro educativo Concepción Arenal
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Camiña Social,, para contribuír a atención dos menores en réxime de internamento no centro educativo Monteledo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha prórroga para o ano 2008 ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e a entidade Aclad Alborada Vigo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Deputación Provincial de Pontevedra para a atención de menores no centro residencial Príncipe Felipe de Pontevedra
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Deputación Provincial da Coruña para a atención de menores no centro residencial Emilio Romay
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Camiña Social,, para contribuír á atención dos menores en réxime de internamento no centro educativo Concepción Arenal
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e Meniños, Fundación para a Infancia para a execución do programa de integración familiar
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella de Galicia para a execución do programa de familias acolledoras e se autoriza a concesión dun anticipo do 30 por cento como primeiro pagamento



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para investimento e equipamento de servizos sociais en Galicia durante os anos 2008 e 2009

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban os criterios para a repartición do fondo de acción social para o ano 2007
- Acordo polo que se encarga ás consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Cultura e Deporte a realización das actuacións necesarias para a elaboración dun arranxo orquestral do himno galego en réxime de dominio público
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Melide para o acondicionamento e remodelación de diversas instalacións municipais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ourense para financiar a construción do edificio para Escola de Artes Escénicas Eixo Atlántico

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo de procedencia da inmediata execución do "Proxecto de ampliación andar segundo e acondicionamento de local andar baixo no edificio dos xulgados da Vila de Pontearreas (Pontevedra)"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través do ente público Portos de Galicia, e o Concello de Camariñas para o mantemento das obras de remodelación do porto e para a execución e mantemento das obras de acondicionamento do borde marítimo
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 5.571.961,18 euros correspondente á obra de acondicionamento da estrada LU-722 Becerreá-Navia de Suarna. Treito 1: Becerreá-A Ribeira
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para a construción de accesos ao novo hospital de Lugo



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para a realización de accións de formación de investigadores e de persoal de apoio á investigación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para a realización de accións de formación de investigadores e de persoal de apoio á investigación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de accións de formación de investigadores e de persoal de apoio á investigación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería e Gas Natural SDG, S.A. para o desenvolvemento do Hidróxeno na Optimización do Recurso Enerxético Eólico de Galicia, asinado en Santiago de Compostela o 14 de marzo de 2005
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Consumo a establecer un anticipo de ata un 50 por cento da subvención no momento da concesión na Resolución pola que se convoca e regula a concesión de subvencións para o ano 2008 en materia de consumo ás Organizacións de Consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a encomenda de realización dos traballos de diagnóstico de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e erradicación

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente á obra: "Fase II do Plan director do Complexo Hospitalario Juan Canalejo. Fase 2.0 movementos previos" por un importe de 5.469.586,62 euros
- Acordo para a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) para a adquisición do inmovible no que ten a súa sede a citada fundación, por importe de 725.000 euros



- Acordo para a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Pública Autónoma Instituto Galego de Medicina Técnica S.A. para o financiamento de equipamento destinado á área de servizo compartido de diagnóstico por imaxe do CHUVI por importe de 420.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR) para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia-Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia-Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias
- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga do concerto subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Programa Pasea
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas preprofesionais



- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio específico de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a través do Instituto de Saúde Carlos III, e a Comunidade Autónoma de Galicia, no programa para favorecer a incorporación de grupos de investigación nas institucións do Sistema Nacional de Saúde, no marco da estratexia nacional de ciencia e tecnoloxía, con horizonte 2015
- Acordo de aprobación do Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se inicia o procedemento de elaboración do Plan director de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 200 en Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertido de Ferrol: Emisario submarino de Cabo Prioriño, por importe de 11.983.730 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Santiago de Compostela para a execución das obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do concello por importe de 810.711 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Lugo para a execución das obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Lugo por importe de 1.727.121,65 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a análise do impacto ambiental da Universidade da Coruña por importe de 49.250 euros
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Sociedade Galega de Residuos Industriais (SOGARISA) para o tratamento dos depósitos históricos de neumáticos fóra de uso da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Asociación Galega de Criadores de Visón relativo ás medidas de seguridade para evitar ou minimizar futuras fugas do visón americano



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Televisión de Galicia para a produción, realización e emisión dun programa que reflicte a situación da vivenda en Galicia

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das actuacións administrativas relacionadas coa seca e outros fenómenos atmosféricos extraordinarios
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia de inmediata execución en obras de abastecemento para solventar a situación de seca na Comunidade Autónoma de Galicia



O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI QUE REGULA A LIBERALIZACIÓN DO TRANSPORTE MARÍTIMO EN GALICIA

- *A nova norma creará un rexistro obrigatorio de operadoras co que se compatibilizarán a libre competencia, os dereitos dos usuarios e a preservación do ambiente*
- *O proxecto dá cumprimento ás esixencias da Unión Europea para garantir a libre prestación de servizos no transporte marítimo da ría de Vigo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei elaborado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes polo que se regulará a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia. Esta norma será a que derogue a Lei 4/1999 pola que se declaraba servizo público de titularidade da Xunta o transporte público marítimo na ría de Vigo, lei que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarou incompatible cos regulamentos europeos que garanten a libre competencia nunha sentenza do 9 de marzo de 2006.

A nova lei que regulará o transporte marítimo en augas interiores de toda Galicia dará cumprimento ao estipulado na sentenza de Bruxelas e regulará a libre prestación destes servizos facendo compatible a libre competencia coas demandas e necesidades dos usuarios e coa protección do ambiente, especialmente en lugares con aforo limitado como o Parque Nacional das Illas Atlánticas. O obxectivo da Xunta con esta nova lei é garantir o mantemento dun servizo de transporte alternativo á mobilidade por estrada que considera necesario e que debe ser de calidade e sostible.

A futura lei determina o marco xurídico que deroga a anterior norma, crea un rexistro para novos operadores, recolle unha clasificación de posibles infraccións, establece as súas correspondentes sancións e prevé a creación dun decreto que desenvolva este marco xurídico.

Tras esta aprobación por parte do Consello da Xunta, o proxecto de lei será agora remitido ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación regulamentaria e a aprobación da correspondente lei.

OS CENTROS INTEGRADOS DE FP GARANTIRÁN O ACCESO Á FORMACIÓN DA MOCIDADE, DA POBOACIÓN DESOCUPADA E DOS TRABALLADORES

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan estes centros, que estarán asociados ás principais áreas de competencia ou sectores produtivos de Galicia*
- *Na actualidade funcionan en Galicia un total de 14 centros integrados de Formación Profesional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP), no que se fixa que estes centros garantirán o acceso á formación da mocidade, da poboación desocupada en busca de emprego, e dos traballadores en activo que desexan aumentar a súa cualificación profesional, tendo en conta as necesidades de cualificación do sistema produtivo e as expectativas profesionais das persoas.

O decreto aprobado fixa que terán a consideración de centros integrados de formación profesional aqueles que ofrezan e impartan Formación Profesional inicial ou regrada, e formación ocupacional e continua (formación para o emprego). A oferta formativa destes centros conducirá á obtención dos títulos e certificados de profesionalidade correspondentes.

Os centros integrados, de titularidade pública, estarán asociados ás principais áreas de competencia ou sectores produtivos de Galicia, e considerarán entre as súas funcións garantir á mocidade e á poboación activa unha oferta de formación asociada ás cualificacións demandadas nestes sectores; e asegurar o desenvolvemento de funcións xerais do sistema de Formación Profesional como a formación do profesorado, a información e a orientación profesional, así como a posta en marcha de plans de I + D e de calidade, etc. Ademais, estes centros contribuirán aos procesos de formación do profesorado de FP; asistirán tecnicamente aos restantes centros de Formación Profesional na elaboración de materiais e equipamentos didácticos, e no desenvolvemento da formación en centros de traballo; e reforzarán os vínculos entre o sistema formativo e o produtivo.

Os CIFP porán á disposición do sistema de Formación Profesional todo o potencial de recursos formativos á súa disposición, tanto humanos como materiais, posibilitando a realización de programas formativos de calidade integrados en distintas modalidades, e cunha ampla demanda social.

Nestes momentos a Administración galega está a traballar ademais na normativa de acompañamento necesaria que, unha vez presentada no seo do Consello Galego da Formación Profesional e superados os correspondentes trámites administrativos,



permitirá a creación de novas estruturas que se engadirán aos centros integrados, ou ben procurará a potenciación das funcións doutras xa existentes, para a posta en marcha dunha serie de plans, programas e medidas na dirección dos catro eixes de actuación do II Plan Galego de Formación Profesional: integración do sistema de cualificacións e Formación Profesional, optimización de recursos e da xestión, calidade e innovación e promoción da aprendizaxe ao longo da vida.

Coa posta en marcha destes centros márcanse as pautas a seguir en Galicia no terreo da FP durante os próximos anos, e refórzase a relevante posición da Comunidade galega no eido da Formación Profesional. Na actualidade funcionan en Galicia un total de 14 Centros Integrados de Formación Profesional.

O CONSELLO DA XUNTA INICIA O PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO PARA CONSTRUIR A VARIANTE DE ORTIGUEIRA, PRIMEIRO TREITO DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE DA COSTA NORTE

- *O Goberno galego declarou a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción deste treito de 10 quilómetros*
- *Política Territorial investirá 276 millóns de euros na construción de toda a VAC entre Ferrol e San Cibrao*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción da Variante de Ortigueira, primeiro treito que se executará da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte entre Ferrol e San Cibrao. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes inicia así a expropiación dos terreos necesarios para a construción da variante. En total, a VAC da Costa Norte suporá un investimento de 276 millóns de euros.

A Variante de Ortigueira ten unha lonxitude duns 10 quilómetros e estará en obras o vindeiro ano, logo de que a CPTOPT xa licitase en novembro a asistencia técnica para realizar as expropiacións. Este treito, que conectará a estrada As Pontes-Ortigueira (AC-101) coa localidade de Espasante, permitirá evitar o paso polo núcleo urbano da vila, mellorando así a mobilidade na comarca. As súas características técnicas, tras a reformulación e mellora realizada por Política Territorial, serán de corredor, o que facilitará o seu desdoblamento en autovía cando a intensidade de tráfico así o requira.

A VAC da Costa Norte, entre Ferrol e San Cibrao, discorrerá ao longo de 90 quilómetros e será prolongada tamén con características de corredor polo Ministerio de Fomento dende San Cibrao ata Barreiros, punto no que enlazará coa Autovía do Cantábrico (A-8). No treito autonómico desta nova infraestrutura xa se están redactando todos os proxectos construtivos e a previsión é que o vindeiro ano comecen as obras tanto na Variante de Ortigueira como no treito Celeiro-San Cibrao, que supoñen o 20 por cento da lonxitude da nova infraestrutura.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 24,6 MILLÓNS DE EUROS NO ÚLTIMO TREITO DA VARIANTE DE MARÍN

- *O Consello da Xunta declarou a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción deste treito de 4,3 quilómetros que completa o treito xa en servizo da variante*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción do último treito da Variante de Marín, entre O Regueiriño e o enlace coa Autovía Pontevedra-Marín (PO-11). A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá nesta obra 24,6 millóns de euros, dos cales 1,4 millóns irán destinados ao pagamento das expropiacións dos 598 predios afectados.

Este treito que agora se acomete completa o xa posto en servizo, de xeito que toda a Variante de Marín actuará como alternativa ás estradas Pontevedra-Marín (PO-546) e Marín-Bueu-Cangas (PO-551), enlazando tamén coas diversas estradas provinciais e autonómicas que atravesa no seu percorrido e articulando entre si os distintos núcleos do concello de Marín.

O último treito da Variante de Marín contará cunha calzada de 12 metros de largo repartidos en dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 2,5 metros. Ao longo do seu trazado haberá 6 viadutos, 2 pasos superiores e 4 pasos inferiores.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 122 MILLÓNS DE EUROS NO CORREDOR SARRIA-MONFORTE DE LEMOS, DE 28 QUILÓMETROS DE LONXITUDE

- *O Goberno galego declarou a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción desta Vía de Alta Capacidade, que dará continuidade ao corredor Nadela-Sarria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción do corredor Sarria-Monforte. Esta Vía de Alta Capacidade, que estará preparada para o seu desdoblamento en autovía cando a intensidade do tráfico así o requira, suporá un investimento de 122 millóns de euros, dos cales 8,5 millóns irán destinados ao pago de expropiacións dos 1.593 predios afectados polo seu trazado.

O corredor Sarria-Monforte terá 28,7 quilómetros de lonxitude e dará continuidade ao corredor Nadela-Sarria, de 26 quilómetros, cuxas obras están xa moi avanzadas. Todo o eixo Nadela-Sarria-Monforte de Lemos, con máis de 50 quilómetros, supón unha alternativa á estrada LU-546, mellorando a súa seguridade viaria e a mobilidade de todo o sur da provincia de Lugo.

O novo corredor Sarria-Monforte de Lemos discorrerá polos concellos de Sarria, O Incio, Bóveda e Monforte de Lemos. A súa sección será de 12 metros, con dous carrís de 3,5 metros de ancho e dúas beiravías de 2,5 metros. Contará con 7 enlaces, 9 viadutos, 21 pasos superiores e 20 pasos inferiores e as súas estruturas estarán xa preparadas para a súa futura conversión en autovía.



A XUNTA MODIFICA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL DE PONTEAREAS PARA PERMITIR A CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO PÚBLICO NA PRAZA DE GABINO BUGALLAL

- *O Decreto aprobado hoxe polo Consello introduce cambios respecto ás parcelas mínimas edificables en solo de núcleo rural*
- *O Consello da Xunta tamén acordou a inmediata execución da ampliación do edificio dos xulgados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica a ordenación urbanística provisional no concello de Ponteareas de xeito que se permite a construción dun aparcadoiro público na praza de Gabino Bugallal e se introducen algúns cambios no que atinxe ao solo de núcleo rural.

Dende a suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ponteareas en xuño de 2002, este concello réxese por unha ordenación urbanística provisional establecida pola Xunta de Galicia.

O Decreto aprobado hoxe -e que entrará en vigor trala súa publicación no DOG os vindeiros días- establece unha modificación da citada ordenación provisional de xeito que se poida construír un aparcamento público na praza de Gabino Bugallal, así como os accesos dende as rúas lindantes coa condición de que se manteña a titularidade pública do solo e subsolo obxecto de actuación. Tamén se establece como condicionante que os aparcamentos non poderán sobresaír por enriba das rasantes das rúas e dos espazos contiguos e deberá garantirse o uso público en superficie en condicións de accesibilidade, funcionalidade e seguridade.

No que atinxe ao solo de núcleo rural, o Decreto establece que a parcela mínima edificable será de 600 m² nos ámbitos de núcleo rural existente de baixa densidade e consolidado, e de 400 m² para o solo urbano de núcleo rural. Tamén se especifica que non se permitirá a segregación ou división de parcelas no ámbito dos núcleos rurais (agás no suposto de execución de equipamentos públicos) sen antes aprobar o plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural. Así mesmo establécese que nos ámbitos da ordenanza de núcleo rural consolidado serán de aplicación as mesmas condicións de edificacións que as establecidas para o núcleo rural de baixa densidade.

Ampliación do edificio dos xulgados

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén acordou a inmediata execución do proxecto de ampliación do edificio dos xulgados da vila por iniciativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e tras obter o informe favorable da



Comisión Superior de Urbanismo de Galicia atendendo a razóns de urxencia, interese público e utilidade social.



DECLARADAS COMO ZONAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO AS COMARCAS DE ARZÚA, A BARCALA, MELIDE, XALLAS, CHANTADA, A FONSAGRADA, MEIRA, TERRA DE LEMOS, O RIBEIRO, TERRA DE CALDELAS, TERRA DE CELANOVA, VERÍN, CALDAS, O CONDADO, O SALNÉS E TABELIRÓS

- *Coa declaración destas novas zonas existen xa na Comunidade Autónoma un total de 21 comarcas consideradas zonas de especial interese agrario*

O Consello da Xunta vén de decretar como Zonas de Especial Interese Agrario (ZEIA) as comarcas de Arzúa, A Barcala, Melide, Xallas, Chantada, A Fonsagrada, Meira, Terra de Lemos, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Verín, Caldas, O Condado, O Salnés e Tabeirós. Hai que lembrar que esta consideración de ZEIA xa estaba prevista na Lei de medidas administrativas e tributarias para a Conservación da superficie agraria útil e Banco de Terras de Galicia co obxectivo de acadar unha axeitada xestión do mencionado Banco de Terras.

Mediante este decreto, a Xunta de Galicia continúa a declaración de Zonas de Especial Interese Agrario co obxectivo de acadar de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego. A declaración de ZEIA destas 16 comarcas, ás que hai que sumarlle ás cinco anteriores, determínase despois dunha análise do territorio e obedecendo a criterios de produtividade agrícola e gandeira. Entre os factores que se tiveron en conta para a determinación destas novas ZEIA figuran a presenza dun número significativo de explotacións, as características e potencialidade dos terreos ou zonas nas que se enclavan, a existencia de zonas que teñen sido obxecto de concentración parcelaria ou que poderán selo no futuro, así como a incidencia da actividade agropecuaria reflexada no número de explotacións, plans de mellora e incorporación de mozos e mozas á actividade agraria.

Convén resaltar que o Banco de Terras constitúe un instrumento fundamental para impulsar o medio rural, favorecendo a mobilidade das terras que se atopan improdutivas, evitando o seu abandono e a perda de superficie agraria útil. Neste sentido, a posta en valor das fincas agrarias infrautilizadas, semiabandonadas ou en grave situación de abandono, son unha potencial fonte de riqueza sobre as que o Banco de Terras incidirá de xeito especial, poñéndoo a disposición das explotacións para establecer, ampliar ou dotalas dunha base territorial que mellore a súa competitividade e viabilidade técnica, económica e social.

Deste xeito, a ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, aumentando a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios. Está



previsto que actuacións redunden nunha elevación do nivel de vida dos agricultores, abrindo e facendo atractiva a actividade agraria a novos sectores de poboación para o seu asentamento no rural, superando así o envellecemento e o abandono do agro galego.

Mediante o Decreto aprobado hoxe son declaradas de Especial Interese Agrario o solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos seguintes:

- Comarca de Arzúa: Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro
- Comarca de A Barcala: Negreira e A Baña
- Comarca de Melide: Melide, Santiso, Sobrado e Toques.
- Comarca de Xallas: Mazaricos e Santa Comba
- Comarca de Chantada: Bóveda, Cabalredo e Chantada
- Comarca de A Fonsagrada: Baleira, A Fonsagrada E Negreira de Muñiz.
- Comarca de Meira: Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto
- Comarca de Terra de Lemos: Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra de Brollón, O Saviñao, Sober e Taboada.
- Comarca de O Ribeiro: A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.
- Comarca de Terra de Caldelas: Castro Caldelas, Motederramo, Parada de Sil e A Teixeira.
- Comarca de Terra de Celanova: A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá.
- Comarca de Verín: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín e Vilardevós.
- Comarca de Caldas: Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga.
- Comarca de O Condado: Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra do Miño.
- Comarca de O Salnés: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
- Comarca de Tabeirós: A Estrada, Forcarei e Cerdedo.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O INICIO DA ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E DO MEDIO FÍSICO DA REDE NATURA 2000 DE GALICIA

- *A Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, elaborará o Plan Director que completará a protección dos espazos xa incluídos na Rede Natura 2000*
- *O Plan de Ordenación de Recursos Naturais representa un avance na protección da natureza e a biodiversidade e supón contar cun instrumento eficaz para optimizar os recursos naturais de Galicia*
- *O Plan de Ordenación do Medio Físico matizará os usos urbanísticos do solo dos espazos protexidos*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao inicio do procedemento de elaboración do Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 2000, que realizará a Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Este plan dotará aos espazos protexidos galegos dun instrumento eficaz para optimizar as potencialidades dos seus recursos naturais e incrementará a protección dos valores naturais dos territorios incluídos na Rede Natura.

A Rede Natura 2000 está constituída na actualidade por 59 Lugares de Interese Comunitario (LIC) e 14 Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPA), que foron seleccionados mediante resolución da Comisión Europea. Ambas suman unha superficie total de case 390.000 hectáreas, o que representa un 12,6% da superficie total de Galicia, e contan xa cunha serie de criterios para a súa protección, que se verá ampliado e reforzado co Plan Director, que abarcará dous ámbitos: a protección dos recursos naturais e a ordenación do medio físico.

O Plan de Ordenación de Recursos Naturais representa un avance na protección da natureza e a biodiversidade, xa que permitirá definir e sinalar o estado de conservación dos recursos naturais e os ecosistemas da Rede Natura; establecer o regulamento aplicable no espazo protexido; fixar o marco para a ordenación dos espazos naturais; determinar as actividades permitidas; promover a aplicación de medidas de conservación, restauración e mellora dos recursos existente e formular criterios orientadores das políticas sectoriais e das actividades económicas e sociais, públicas e privadas, co fin de que sexan compatibles cos plans de ordenación.

Este Plan terá a consideración de Plan de Ordenación do Medio Físico, que ten por obxectivo desenvolver as directrices de ordenación do territorio en función das características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas de cada zona, que esixan unha consideración e tratamento



unitarios. Así mesmo, este plan permitirá elaborar unha diagnose dos problemas suscitados polos usos existentes no ámbito de ordenación, analizando se son axeitados os usos ou explotación dos seus recursos naturais, e establecendo as medidas de protección necesarias para adecuar os usos e actividades que se desenvolven nas zonas naturais.

Xuntas Consultivas dos Parques Naturais

O Consello da Xunta tamén deu hoxe o visto bo ao decreto polo que se modifica a composición das Xuntas Consultivas dos Parques Naturais de Galicia. Esta modificación ten como obxectivo unificar estes organismos co fin de fomentar a súa cohesión, unificar criterios e traballar dun xeito coordinado.

As xuntas consultivas dos parques de Monte Aloia, Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia – Serra do Xurés, O Invernadoiro, Serra da Enciña da Lastra e As Fragas do Eume estarán así conformadas por unha presidencia, vicepresidencia, secretaría e vogalías, con representantes de diferentes consellerías e organismos públicos que teñen relación co medio natural e tendo en conta as características de cada parque, así como por representantes da Universidade, propietarios dos terreos e grupos conservacionistas.



A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PON EN MARCHA AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO E A MELLORA DA CALIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS

- *O Consello da Xunta dá luz verde á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades privadas de iniciativa social cun importe global de 3.242.023 euros*
- *As contías anuais por unidade de funcionamento que percibirán as escolas increméntanse nesta orde de axudas arredor dun 8% con respecto ao 2007*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deulle o seu visto e praxe á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, das subvencións para o mantemento no ano 2008 das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social. O importe global destinado a estas axudas ascende a 3.242.023 euros.

Esta liña de axudas vai dirixida ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís.

Contías

A contía anual das axudas estará en función do número de unidades da escola infantil e da prestación do servizo de comedor. Esta novidade, introducida xa na mesma orde de axuda para o 2007 (en anos anteriores establecíanse as contías polo número de nenos atendidos), contribúe a axilizar a xestión burocrática e garante unha maior transparencia na concesión.

Para 2008, as contías anuais por unidade de funcionamento que percibirán as escolas increméntanse arredor dun 8% con respecto ao ano anterior. Deste xeito, as escolas infantís con servizo de comedor que contén cun número de unidades de 1 a 3 percibirán 21.500 euros por cada unha destas unidades; de 4 a 6, 20.500; e con 7 ou máis, 19.500. Os centros sen servizo de comedor contarán con 16.000 euros por cada unidade en funcionamento.

Para obter as axudas, serán de obrigado cumprimento para as entidades solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións, así como os obxectivos específicos establecidos para a educación infantil 0-3 no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. As escolas deberán comprometerse tamén a adaptar os seus prezos ás contías máximas reguladas no Decreto 70/2002 do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.



As entidades que queiran acollerse a estas axudas terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 331.000 EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DE DOUS EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL NA CORUÑA E EN VIGO

- *Ambas Administracións colaborarán así na execución do II Plan Galego de Inclusión Social*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos da Coruña e de Vigo para a contratación e a posta en funcionamento dos equipos de inclusión sociolaboral, dentro da execución do II Plan Galego de Inclusión Social. O departamento autonómico investirá un total de 331.280 euros nestas dúas actuacións -165.640 euros en cada un dos casos-.

Os convenios que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar vai asinar cos municipios da Coruña e de Vigo regularán a colaboración de ambas Administracións para a contratación e a posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral en cada un dos concellos para persoas e colectivos en situación ou en risco de inclusión social, residentes nos termos municipais da Coruña e de Vigo. Os novos equipos que se porán en marcha teñen por finalidade a promoción da inserción social e laboral dos colectivos en situación de grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Os itinerarios individualizados de inserción sociolaboral serán deseñados e programados polos propios equipos coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándose ás características persoais, sociais e profesionais destas. En todo caso, eses itinerarios sempre se establecerán para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias, incluíndo un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, así como actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais cando as circunstancias o requiran.

II Plan Inclusión

Os novos equipos de inclusión que comezarán a traballar nos concellos de Vigo e da Coruña farano no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, deseñado pola Vicepresidencia dende unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e das persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando ao máximo a coordinación e a proximidade territorial. Un dos obxectivos estratéxicos do Plan é aumentar a participación no mercado de traballo daqueles colectivos máis desfavorecidos, mediante políticas activas e personalizadas centradas en acadar a súa inserción sociolaboral. Na consecución destes obxectivos, considérase crucial a colaboración dos concellos,



posto que dispoñen de competencias no ámbito dos servizos sociais e constitúen a administración máis próxima aos cidadáns.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 10,6 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de 18 convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diferentes entidades*

O Consello da Xunta reunido hoxe autorizou a sinatura de 18 convenios de colaboración con diferentes entidades galegas a través dos cales se investirán máis de 10,6 millóns de euros no mantemento dos centros de atención a persoas con discapacidade.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará un convenio de colaboración coa entidade Asociación de Diminuídos Psíquicos Con Eles, que recibirá un total de 238.800 euros, para o mantemento do seu centro de día. O Consello da Xunta autorizou tamén a sinatura dun convenio coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), para financiar o mantemento do centro de día e o centro ocupacional, cun total de 363.756 euros. Autorizouse ademais outro convenio a asinar coa Asociación Galega San Francisco (Agasfra) para garantir o funcionamento dos centros residencial ocupacional, residencial asistencial de maiores e residencial asistencial de menores, para o que recibirá 2.016.276 euros.

Tras a autorización do Consello da Xunta de hoxe, tamén se asinarán convenios de colaboración coa Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrais (Amencer) para contribuír ao mantemento do seu centro de día, cun orzamento que ascende a 277.008 euros; coa Asociación de Pais do Centro de Apoio Familiar para Autistas e Psicóticos A Braña (Apacaf) para manter o seu centro residencial asistencial, cun importe de 296.376 euros; e coa Asociación de Pais de Minusválidos de Pontevedra (Apamp) para contribuír ao mantemento do centro ocupacional e do centro de día, para o que se destinarán 466.728 euros.

Segundo o aprobado hoxe polo Goberno galego, a Vicepresidencia tamén asinará un convenio de colaboración coa Asociación a Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da provincia de Pontevedra (Aspanaex), para o mantemento do seu centro ocupacional e do centro de día, para o que se investirán 505.188 euros. Asinarase un convenio tamén coa Asociación para o Tratamento do Autismo Baión (Bata), que recibirá 373.536 euros para o mantemento dos centros residencial asistencial de maiores e residencia asistencial de menores.

A entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa de Crecente percibirá 864.960 euros para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial Nosa Señora de Fátima e Cristo Rey. E a entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa de Mos disporá de 731.124



euros para o mantemento do centro residencial ocupacional Santa María da Esperanza.

Asinarase un convenio de colaboración coa Fundación Menela para contribuír ao mantemento dos centros residencial asistencial e centro de día, cun orzamento global de 844.008 euros. A entidade Asociación para a Formación e Promoción de Persoas con Discapacidade Juan XXIII-Cangas terá 236.208 euros para apoiar o funcionamento do seu centro de día e do centro ocupacional e entidade Asociación para a Formación e Promoción de Persoas con Discapacidade Juan XXIII-Pontevedra recibirá 636.204 euros para contribuír ao funcionamento do centro ocupacional, centro de día e vivenda comunitaria.

Coa Orden Hospitalaria de San Juan de Dios (San Rafael), o departamento autonómico asinará un convenio para o mantemento dos centros ocupacional e residencial ocupacional, cun importe de 1.532.232 euros. A entidade Asociación Benéfica Social de Pais e Amigos da Esperanza de Val Miñor contará con 401.316 euros para o funcionamento do centro ocupacional e o centro de día e a Asociación de Pais de Alumnos Diminuídos Psíquicos Virgen de la O terá 179.592 euros para contribuír ao mantemento do centro ocupacional e da vivenda comunitaria.

A Vicepresidencia achegará 217.644 euros á entidade O Pelouro para contribuír ao mantemento do centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración, tal e como autorizou hoxe o Consello da Xunta. A Asociación San Xerome Emiliani disporá tamén de 515.280 euros para o mantemento do centro ocupacional, centro de día e atención temperá.

Actuacións e obxectivos

Mediante estes programas de atención ás persoas con discapacidade intelectual, as diferentes entidades desenvolverán as seguintes actuacións nos centros que xestionan: prestación dunha atención integral e personalizada a todos os usuarios; desenvolvemento óptimo das súas capacidades procurando os máis altos niveis de autonomía persoal; busca do equilibrio emocional e afectivo; realización da habilitación persoal e social; prestación da asistencia e coidados precisos a cada usuario; procura de contornos axeitados nos que os usuarios protección; e por último, prestación da información e orientación necesarios aos usuarios e ás súas familias.

Estas entidades teñen como obxectivos a defensa da dignidade e dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, a promoción da integración social e da normalización das persoas con discapacidade intelectual e o fomento de actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ COA *FUNDACIÓN MENIÑOS* NA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR

- *O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio entre as dúas entidades, ao que o departamento autonómico achega 253.382 euros*

O Consello da Xunta autorizou, na súa xuntanza de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e *Meniños, Fundación para a Infancia* para desenvolver conxuntamente o programa de integración familiar nas catro provincias galegas, no que se van investir máis de 420.000 euros. Trátase dun programa mediante o que se leva a cabo unha intervención integral e multidisciplinar coas familias e cos menores acollidos en centros ou en situación de risco. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 253.382 euros –dos que 72.321 corresponden á aportación efectuada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais– para este programa, mentres que a Fundación Meniños aporta 167.000 euros.

O convenio a asinar ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Vicepresidencia e Meniños para a execución do programa de integración familiar nas catro provincias de Galicia, traballando de xeito integral tanto coas familias coma cos nenos participantes no programa. A finalidade é corraxir os déficits existentes nesas familias, de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos menores e a cobertura das súas necesidades básicas por parte dos pais.

Traballarase, dunha banda, na reunificación familiar con aquelas familias que teñan menores en centros de acollida. O obxectivo será neste caso mellorar a situación socio-familiar dos menores atendidos, intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer así un eficaz desinternamento. Por outra banda, o programa ten como obxectivo a preservación familiar con aquelas familias que teñan menores en situación de risco. Preténdense nestes casos potenciar os recursos desas familias para evitar a separación do menor do seu contorno familiar. E por último, contribúese -a nivel teórico- a un coñecemento máis preciso das situacións sociofamiliares dos menores acollidos en centros e das estratexias preventivas máis axeitadas para cada caso.



A XUNTA DE GALICIA INVISTE CASE 400.000 EUROS NO PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS, QUE PRESTA ATENCIÓN TEMPORAL A MENORES EN SITUACIÓN DE DESAMPARO

- *O Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio coa Cruz Vermella para o desenvolvemento deste programa*

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella, polo que este departamento investirá 397.000 euros na posta en marcha do programa de familias acolledoras. Este programa ten por finalidade ofrecer un servizo de atención temporal a menores en situación de desamparo ou desprotección social proporcionándolles un ambiente normalizado que permita evitar o seu acollemento residencial. Pola súa banda, Cruz Vermella aportará 69.760 euros.

O programa de familias acolledoras contribuirá a que as familias temporalmente desestruturadas conten cun apoio, durante o tempo que dure a súa situación de dificultade. Os seus fillos menores de idade poderán ser acollidos por algunha das familias participantes no programa, evitando así o seu ingreso en residencias e favorecendo unha relación diaria coa súa propia familia.

O programa tamén xestionará que aqueles menores que estean en institucións e non poidan ir coa súa propia familia conten coa acollida nun ambiente familiar.

En virtude deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a designar aos menores que se incorporarán ao programa así como a determinar a tipoloxía de acollemento que sexa máis adecuado a cada menor, ademais de valorar a idoneidade dos solicitantes, a través dos equipos técnicos do Menor que tamén establecerán o período de duración do acollemento. Pola súa banda, Cruz Vermella encargárase de seleccionar e formar ás familias acolledoras que participen no programa.

Para o desenvolvemento do programa, Cruz Vermella contará cun equipo en cada provincia formado por un psicólogo e un traballador social, ademais de persoal voluntario integrado por monitores ou educadores, profesionais técnicos (avogados ou sanitarios) e voluntarios para tarefas complementarias, como as de transporte.

O convenio recolle tamén o desenvolvemento de actuacións de divulgación do programa dirixidas tanto a profesionais como á poboación en xeral. Estas actividades de divulgación do programa realizaranse a través de carteis, trípticos, campañas publicitarias en radio e televisión ou reunións informativas. Estas actuacións estarán encamiñadas a sensibilizar a poboación sobre a problemática dos menores, captar



familias susceptibles de realizar acollementos ou a informar os profesionais que traballan coas familias interesadas tanto en acoller menores como con aquelas nas que os menores precisen do acollemento.



A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA INVESTIR 51,4 MILLÓNS DE EUROS EN EQUIPAMENTOS DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA DURANTE OS EXERCICIOS 2008 E 2009

O Goberno galego, na súa reunión deste xoves, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais par ao investimento en equipamentos de servizos sociais na Comunidade Autónoma durante os exercicios 2008 e 2009.

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre a Xunta e o Goberno Central para financiar o investimento que se vai executar en infraestruturas e equipamentos de servizos sociais en Galicia destinados á atención de persoas con discapacidade, que permitan compensar o déficit de infraestruturas e equipamentos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia e situala en igualdade de condicións con respecto ao resto do territorio español.

O Goberno galego e o Ministerio de Traballo, ao abeiro deste convenio, comprométense a cofinanciar o investimento de equipamento de servizos sociais en Galicia por un contía de 51.441.246 euros, dos que o Goberno Central achegará a cantidade de 38.980.564 euros e a Xunta a cantidade de 12.460.682.

As citadas achegadas materializaranse nos exercicios orzamentarios 2008 e 2009 de acordo coa seguinte desagregación:

ANUALIDADE	GOBERNO CENTRAL	XUNTA GALICIA	DE	TOTAIS
2008	23.500.000	7.254.726		30.754.726
2009	15.480.564	5.205.956		20.686.520
TOTAL	38.980.564	12.460.682		51.441.246

Esta achega correspóndese co desenvolvemento do protocolo de colaboración para a posta en marcha de actuacións en relación coa Lei de Dependencia, a fin de garantir un esforzo orzamentario adicional para a aplicación da nova lei en Galicia.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS PARA AS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DIRIXIDAS A PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Son achegas en concepto de xubilación, atención a discapacitados, por ter fillos menores, para os estudos dos fillos e do traballador, adquisición de vivenda e gastos sanitarios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia do ano 2007, o cal ten un importe de 7.232.211 euros (569.071 euros máis que no 2006). Este fondo de acción social ten por obxecto a concesión de axudas por xubilación, atención a discapacitados, fillos menores, estudos de fillos, estudos do traballador, adquisición de vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios. Estas achegas van destinadas ao persoal ao servizo da Administración da Xunta en activo e que sexan funcionarios de carreira, persoal interino, contratado administrativo e persoal laboral incorporados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008.

Estes 7.232.211 euros do Fondo de Acción Social repartiranse da seguinte maneira: 2.100.000 euros para estudos dos fillos (o 29,4%), 1.480.000 euros para fillos menores (20,46%), 1.350.000 euros para discapacitados (18,67%), 650.000 euros para a xubilación (o 8,99% do total), 372.211 euros para gastos sanitarios (5,14%), 800.000 euros para a adquisición de vivenda (4,15%) e 180.000 euros para estudos do traballador (2,49%), e.

Cada axuda por xubilación pode acadar os 3.500 euros e a de atención a discapacitados oscila entre os 1.298 euros e os 2.800 segundo a renda familiar e o grao de minusvalía da persoa dependente. As achegas por fillos menores varían entre os 150 e os 400 euros e as referentes a estudos dos fillos, entre os 70 e os 300 euros. Para os traballadores que estuden hai achegas de entre 200 e 700 euros e para a adquisición de vivenda ofrécense contías dende os 1.532 e ata os 2.500 euros.

A axuda por ter maiores a cargo vai dende os 200 ata os 800 euros e a de gastos sanitarios pode acadar os 105 euros. Neste último caso, poden obterse achegas económicas por tratamentos e próteses bucodentais ou audiovisuais do traballador ou para a adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico que sexan padecidas polo traballador, polo seu cónxuxe ou parella de feito ou polos seus fillos.

Persoal excluído



Este acordo non se lle aplica ao persoal de entes autónomos con orzamentos e estatutos propios como é o caso das universidades, da TVG, do IGAPE, do Consello de Contas, CIXTEC, etc. Non terá dereito a estas axudas todo o persoal que non estea organicamente integrado na Xunta e que, polo tanto, non ocupe un posto incluído na relación de postos de traballo.

Tamén queda excluído o persoal funcionario da Administración de xustiza, o persoal estatutario do Sergas e o que proceda dos centros sanitarios Hospital Médico-Cirúrxico Provincial de Santiago, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, Hospital Provincial Santa María Nai de Ourense, Hospital Municipal Nicolás Peña de Vigo, Hospital Xeral Provincial de Pontevedra, Hospital Psiquiátrico Provincial O Rebullón de Pontevedra e Hospital Militar da Coruña.

A XUNTA COMEZARÁ OS TRÁMITES PARA FACER UNHA PARTITURA ORQUESTRADA OFICIAL E PÚBLICA DO HIMNO GALEGO

- *As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Cultura e Deporte colaborarán na iniciativa*
- *As entidades contratadas deberán ceder os dereitos de explotación do arranxo da partitura á Xunta*

O Goberno galego deulle hoxe luz verde ao acordo polo que se realizará unha partitura orquestrada oficial e pública do Himno Galego, unha iniciativa na que participarán as consellerías Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Cultura e Deporte.

A aprobación por parte do Consello permitirá a contratación de consultorías, asistencias ou ben a realización de convenios que favorezan a elaboración dun arranxo orquestral oficial. Aínda que a Lei 5/1984, de símbolos de Galicia, establece como himno a composición *Os pinos* de Eduardo Pondal con música de Pascual Veiga, non existe na actualidade unha partitura orquestrada oficial ou totalmente instrumentada. Esta situación provoca que calquera arranxo da partitura oficial xere dereitos de explotación da propiedade intelectual para o seu autor.

Con motivo do centenario do Himno Galego, o Goberno galego decidiu desenvolver esta iniciativa para lograr que a interpretación e comunicación públicas sexan gratuítas para todos os cidadáns. Isto obrigará a que o autor do arranxo musical deberá ceder os seus dereitos de recoñecemento da autoría e da integridade da obra.

As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Cultura e Deporte buscan con esta iniciativa reforzar o carácter do himno como patrimonio de toda a cidadanía e propiedade común de todos os galegos. Así mesmo e segundo o artigo primeiro da Lei 5/1984 "o himno de Galicia simboliza a súa identidade como nacionalidade histórica", que constitúe un factor de integración e unidade colectiva que define os galegos.



A XUNTA DESTINA 584.000 EUROS PARA A CONSTRUCIÓN E A MELLORA DE INSTALACIÓNS EN OURENSE E EN MELIDE

- *Desta cantidade, 327.000 euros destinaranse á construción da escola de artes escénicas "eixo atlántico" no Concello de Ourense*
- *Os restantes 257.000 euros serán para o acondicionamento e remodelación da escola infantil, do edificio multiusos, do centro sociocultural e do tanatorio do Concello de Melide*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de cadanseu convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os municipios de Ourense e de Melide para a construción e a mellora de instalacións.

Dunha banda, permítese a sinatura dun convenio co Concello de Ourense para a financiar a construción do edificio para a escola de artes escénicas "eixo atlántico". Para este fin, a Consellería de Presidencia destinará 327.000 euros.

Doutra banda, tamén se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Concello de Melide por un importe total de 257.000 euros destinados ao acondicionamento e remodelación de diversas instalacións municipais: a escola infantil, o edificio multiusos, o centro sociocultural e o tanatorio.

Con estes dous convenios, a Consellería de Presidencia pretende mellorar a prestación dos servizos locais e satisfacer as necesidades dos veciños destas dúas localidades e das súas respectivas comarcas.



PORTOS DE GALICIA ACONDICIONARÁ O BORDE MARÍTIMO DE CAMARIÑAS INTEGRANDO OS ESPAZOS URBANOS E PORTUARIOS

- *O Consello da Xunta autorizou un convenio entre o ente público dependente da CPTOPT e o Concello de Camariñas para acometer esta actuación de 1,7 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Portos de Galicia, ente público dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Camariñas para a remodelación do porto e o acondicionamento do borde marítimo da vila, actuación á que Portos destinará un total de 1,7 millóns de euros.

Portos de Galicia vén de executar as obras de remodelación do porto e iniciará en breve o acondicionamento do borde marítimo da vila. O obxecto deste convenio é o de urbanizar unha parte da zona portuaria da vila para dotala de mellores accesos e servizos e duns acabados acordes co contorno urbano no que se atopa. Polo tanto, as obras supoñen unha mellora non só para o porto senón tamén para a vila de Camariñas e os seus cidadáns, proporcionando unha mellor integración entre os espazos urbanos e os pertencentes ao dominio público portuario que son competencia da Administración autonómica.

Segundo o convenio autorizado hoxe, Portos de Galicia encargárase da contratación e execución das obras de acondicionamento do borde marítimo, que supoñen un investimento de 1,7 millóns de euros e recollen a creación dun paseo de madeira, a ordenación do tráfico e dos estacionamentos, a renovación de firmes, a instalación de mobiliario urbano e xardíns e a instalación de redes de servizos urbanos como abastecemento, iluminación e sumidoiros.

Pola súa banda, o Concello deberá pór á disposición de Portos varios terreos de titularidade local necesarios para dar continuidade ás actuacións realizadas sobre o dominio público portuario. O Concello tamén deberá obter as licencias e permisos pertinentes para esas obras e asumir, unha vez que se rematen os traballos, tanto a conservación e mantemento da nova zona urbanizada no borde marítimo como da xa remodelada no propio porto. Así, o Concello será o encargado de asumir a limpeza destes espazos, de manter as redes de abastecemento, sumidoiros e iluminación, de coidar dos xardíns e de manter os distintos pavimentos e sinais de circulación.

Con este convenio conséguese que os terreos que son de dominio público portuario poidan ser utilizados como un espazo urbano máis polos cidadáns de Camariñas coa conseguinte mellora para a súa calidade de vida.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 5,6 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA ESTRADA ENTRE BECERREÁ E A RIBEIRA, NO CONCELLO DE CERVANTES

▪ *O Consello da Xunta autorizou o gasto para executar as obras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de preto de 5,6 millóns de euros nas obras de acondicionamento e mellora do primeiro treito da estrada Becerreá-Navia de Suarna (LU-722), entre Becerreá e o núcleo A Ribeira (este último no concello de Cervantes).

Esta actuación, que se desenvolverá a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, consiste na mellora do trazado da actual estrada ao longo de algo máis de 11 quilómetros aumentando a súa sección ata oito metros (dous carrís de 3,5 metros cada un e beiravías exteriores de 0,50 metros) e a eliminación de curvas circulares de radio inferior a 20 metros. Ademais da modificación de curvas, o proxecto recolle que entre os puntos quilométricos 1 + 300 e 1 + 400 se mellora o radio da curva existente e se proxecta un pórtico sobre o arroio do Aira Ponte; e no punto quilométrico 10 + 100 amplíase a estrutura existente sobre o río Santa Mariña.

Esta actuación, xunto con outras que está a desenvolver a Consellería de Política Territorial, contribúe a mellorar a mobilidade e as condicións de seguridade nos desprazamentos nesta zona da montaña luguesa.



POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 650.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DOS ACCESOS AO NOVO HOSPITAL DE LUGO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a CPTOPT e o Concello de Lugo para financiar a partes iguais a execución desta obra*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Lugo para financiar a partes iguais a construción dos accesos ao novo hospital de Lugo que se situará no lugar de San Cibrao.

A construción dos accesos ao novo hospital de Lugo está condicionada polas obras da Rolda Leste, na que se proxecta a construción de dúas glorietas que constituirán os accesos principais á área hospitalaria. Dende unha das glorietas partirá un acceso perimetral cara ó Oeste do hospital (de case 383 metros) e da outra glorieta construírase unha segunda vía perimetral cara a zona Leste (de 367 metros).

Segundo o texto do convenio, a CPTOPT achegará un total de 650.600 euros para a execución desta obra e encargárase de aprobar o proxecto de construción.

Pola súa banda, o Concello de Lugo achegará o 50% do financiamento restante (é dicir, outros 650.600 euros), elaborará o proxecto técnico, porá a disposición os terreos necesarios e executará as obras. Así mesmo, o Concello deberá tramitar todos os permisos e licenzas necesarias para a construción dos citados accesos.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVISTE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA FORMACIÓN DE INVESTIGADORES E PERSOAL DE APOIO DAS TRES UNIVERSIDADES

- *As axudas permitirán financiar entre o 28 e o 82 por cento do custe total destas accións formativas*

O Consello da Xunta de Galicia dou esta mañá a súa aprobación aos convenios de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas para a realización de accións de formación de investigadores e de persoal de apoio á investigación por un valor total de 1,5 millóns de euros.

Os convenios teñen por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, e as Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para o cofinanciamento das actuacións de formación de investigadores e de persoal de apoio á investigación desenvolvidas por estas universidades ao longo do ano 2007.

No caso da Universidade de Vigo, Innovación e Industria destinará 500.000 euros ao cofinanciamento do 82% do custo total das Bolsas de formación de investigadores e profesorado para viaxes e estadias; Bolsas de Terceiro Ciclo e Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (CACTI) e na Estación de Ciencias Mariñas (ECIMAT) da Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo completa o orzamento destas accións cunha achega con 104.720 euros.

O convenio coa Universidade da Coruña (UDC) establece tamén un investimento de 500.000 euros por parte da Consellería de Innovación e Industria destinados neste caso ao cofinanciamento do 76,97% do custo total das Axudas para a participación en reunións científicas e estadias de investigación; Axudas para programas propios de investigación (organización de reunións científicas, encontros de investigadores, visitas de investigadores); Axudas para a realización de prórrogas e novas contratacións a persoal de investigación e de apoio á investigación; Bolsas e contratos predoutorais e Edición de publicacións periódicas de carácter científico de interese para a comunidade científica da UDC. A Universidade da Coruña achega 149.610,27 euros a estas accións.

Por último, o convenio asinado entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela establece que este departamento cofinanciará con 500.000 euros, o 28,09% do custe total, das bolsas/contratos predoutorais; contratos postdoutorais; prazas asignadas á USC a través do Programa Ramón y Cajal



do Ministerio de Educación y Ciencia e Contratos de persoal da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) e de persoal de apoio ás bibliotecas da USC. A Universidade de Santiago achega 306.055,86 euros.

Estas accións enmárcanse dentro do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), que constitúe a peza estratéxica de actuación para vertebrar o sistema galego de I+D+I e desenvolver dunha maneira eficaz e completa o potencial investigador e innovador de Galicia, de xeito que repercuta cualitativamente e cuantitativamente no desenvolvemento económico e no benestar social. Neste sentido, o Programa de Recursos Humanos de INCITE ten como propósito definir unha carreira científica que posibilite a formación e consolidación dos investigadores e investigadoras e lles permita a integración estable dentro do sistema galego de I+D+I.



O PARQUE EÓLICO DE SOTAVENTO SERÁ O BANCO DE PROBAS DO PROXECTO PARA A OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS EÓLICOS MEDIANTE O HIDRÓXENO

- *A Consellería de Innovación e Industria amplía por un ano máis a duración do seu convenio con Gas Natural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a empresa Gas Natural SDG, S.A, polo cal se fixará o parque eólico de Sotavento como o lugar determinado para levar a cabo, de xeito experimental, o proxecto para o desenvolvemento do hidróxeno na optimización dos recursos enerxéticos eólicos en Galicia, que permitirá incrementar a dispoñibilidade do uso desta enerxía na nosa Comunidade.

Mediante esta addenda, a maiores de fixar o marco xeográfico de actuación deste proxecto, ampliarase durante un ano máis a vixencia do convenio de colaboración asinado pola Consellería e Gas Natural en marzo do 2005.

Con este proxecto preténdese acadar unha mellor almacenaxe e modulación da enerxía eólica de Galicia, fonte de enerxía de implantación consolidada. A Consellería considera que, coa sinatura desta addenda, se crea un instrumento eficaz para o desenvolvemento das enerxías renovables no avance cara a un marco enerxético sustentable.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 445.800 EUROS A APOIAR AS ASOCIACIÓNS DE CONSUMIDORES PARA ACTUACIÓN DE DEFENSA DOS CONSUMIDORES E USUARIOS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá que o IGC poida anticipar un 10 por cento das subvencións concedidas debido a que as organizacións de consumo necesitan dispor das axudas con carácter inmediato para dar cobertura ás actividades de información e protección dos consumidores*

O Instituto Galego de Consumo, órgano da Consellería de Innovación e Industria, convocará axudas, por importe de 445.800 euros, ás organizacións de consumidores que presten servizos de asesoramento técnico e/ou xurídico aos consumidores e desenvolvan actividades de mellora do mercado en relación aos intereses dos consumidores e usuarios. O Consello da Xunta autorizou hoxe que o IGC poida anticiparlles ás organizacións ata un 10% da axuda no momento no que se lles conceda a concesión.

En concreto, as subvencións destinaranse a atender conceptos de gastos de funcionamento das oficinas de atención ao consumidor, como os gastos de alugamento, reparación, conservación ou adaptación da oficina aos requisitos de accesibilidade para discapacitados, de material de oficina ou servizos de telecomunicación e os gastos de persoal cualificado da oficina.

Outro dos conceptos subvencionables é a creación e funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos especializados en materia de consumo. Esta actividade, polo seu carácter específico e técnico, terá que ser desenvolvida por persoas con titulación axeitada en temas de consumo. Os gabinetes técnico-xurídicos deberán, ademais, desenvolver a súa actividade na sede da asociación á que correspondan.

Así mesmo, as axudas apoiarán proxectos de mellora do mercado en relación aos intereses dos consumidores e usuarios que realicen as organizacións. Entre estes proxectos subvencionables figuran aqueles que contribúan a incrementar o número de adhesións ao Sistema Arbitral de Consumo; os que consistan na realización de estudos de campo dirixidos a identificar problemas de consumo en sectores de especial importancia ou impacto socioeconómico; proxectos que teñan por obxectivo a promoción e fomento do asociacionismo en materia de consumo e a captación de novos socios; a realización de proxectos formativos, incluídos programas dirixidos ás Asociacións de Nais e Pais (ANPAS) de alumnos dos centos escolares, destinados á formación e orientación en consumo responsable, servizos de asistencia técnica, reparación de vehículos, Lei de Garantía de venda de bens de consumo, vivenda, telecomunicacións, servizos financeiros e de seguros; e proxectos que contribúan a dar a coñecer aos



colectivos de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial os seus dereitos como consumidores e consumidoras e a maneira axeitada de exercelos.



MEDIO RURAL ENCOMÉNDALLE A TRAGSEGA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIAGNÓSTICO DE ENFERMIDADES DOS ANIMAIS SOMETIDOS A PROGRAMAS OFICIAIS DE CONTROL E ERRADICACIÓN

- *A Consellería do Medio Rural destinará unha partida de 9.712.631 euros á realización deste servizo durante o ano 2008.*
- *O mantemento dunha cabana gandeira saneada repercute directamente na mellora da calidade da produción e da renda dos titulares das explotacións.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a encomendar a realización dos traballos de diagnóstico de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e erradicación durante o ano 2008 para o que dispón dun orzamento de preto de 10 millóns de euros. Medio Rural considera estratéxico para o sector agrogandeiro galego manter o status de sanidade animal acadado pola nosa cabana gandeira, polo que procede a realizar un ano máis a campaña de saneamento e detección daquelas patoloxías que son obxecto destes programas de erradicación, entre as que se atopan a tuberculose, a brucelose, as encefalopatías esponxiformes transmisibles, a enfermidade de Aujeszky, a lingua azul e a gripe aviar.

Sen embargo, dado que o noso país está considerado, polo momento, *zona libre* destas últimas dúas enfermidades, polo de agora só se están levando a cabo labores de prevención e vixilancia. Aínda así, ante a posibilidade de que xurda algún foco, está previsto un programa especial que inclúe as actuacións recollidas nos protocolos internacionais.

A organización dos traballos encomendados, que teñen como prazo de execución todo o ano 2008, realízase previo recoñecemento e identificación das explotacións dos animais que son obxecto destes controis, para o que se fai necesaria a correlación coas bases de datos existentes. Así mesmo, lévanse a cabo probas de diagnóstico *in situ* nas explotacións e toma de mostras que logo son entregadas aos laboratorios para facer as análíticas oportunas. Tendo en conta que os traballos deben comezar a principios do vindeiro ano e que a empresa Tragsega (Empresa de Sanidade Animal e Servizos Gandeiros, S.A) -filial de TRAGSA- reúne as condicións necesarias para a súa execución, o goberno galego procede á tramitación anticipada deste expediente de gasto.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ EN 2008 PRETO DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS NA SEGUINTE FASE DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO DA CORUÑA

- *O prazo de execución das obras, que está previsto que comecen no primeiro cuadrimestre de 2008, é de 10 meses*

O Consello da Xunta de Galicia presidido por Emilio Pérez Touriño vén de aprobar un acordo polo que se autoriza o investimento e a contratación correspondente á obra da Fase II.0 do Plan Director do Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña. O importe de licitación destas obras, que está previsto que comecen no primeiro cuadrimestre de 2008, é de 5.469.586 euros.

Estas obras, que teñen un prazo de execución máximo de dez meses, permitirá crear un novo servizo de Farmacia, ampliar as camas de Reanimación Cirúrxica e de Coidados Intermedios de Cardioloxía. Permitirá, tamén, instalar unha nova Unidade de Preingresos.

Ao mesmo tempo, estas obras permitirán trasladar as consultas externas a novos espazos para comezar a continuación co deseño do novo Servizo de Urgencias, a reestruturación do Servizo de Radiodiagnóstico e a nova área de quirófanos do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.



SANIDADE DESTINA MAIS DE 300.000 EUROS A OBRAS DE MELLORA DAS DEPENDENCIAS DEDICADAS Á LOITA CONTRA AS DROGODEPENDENCIAS DA *CRUZ VERMELLA DE LUGO* E A *ASOCIACIÓN ALBORADA DE VIGO*

- *As obras de reforma da Unidade Asistencial de Drogodependencias e Unidade de Día da Cruz Vermella luguesa contarán cunha achega da Sanidade pública galega de máis de 230.000 euros*
- *A achega para Alborada, en Vigo, supón 85.000 euros no vindeiro ano que se suman aos máis de 81.000 investidos neste exercicio*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe cadanseu convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa Asociación Cruz Vermella de Lugo, e coa Asociación de Loita contra a Droga Alborada, en Vigo.

Así, a Sanidade pública galega achegará 234.747 euros, para financiar as actuacións previstas no convenio que ten previsto asinar coa Asociación Cruz Vermella de Lugo, e que permitirán a realización de obras de remodelación e acondicionamento do edificio no que se emprazan a Unidade Asistencial de Drogodependencias e a Unidade de Día desta institución. Desta cantidade, máis de 160.000 euros corresponden a obras e instalacións e máis de 71.000 euros ao correspondente mobiliario.

Tamén mediante outro convenio, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde destinarán no 2008 máis de 85.000 euros á Asociación de Loita contra a Droga Alborada, de Vigo, para a realización de obras de remodelación e acondicionamento de inmobles desta Asociación. No marco deste convenio a Xunta de Galicia xa destinou máis de 81.000 euros neste ano.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORARÁN NA UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA INVESTIGACIÓN E DOCENCIA

- *Ademais, a Consellería de Sanidade cooperará coa Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Programa Galego de Actividades Saudables, Exercicio e Alimentación (PASEA)*
- *A Xunta asinará igualmente, un convenio de cooperación educativa coa Universidade de Santiago, para a realización de prácticas preprofesionais*

O Servizo Galego de Saúde asinará convenios de colaboración coas universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias tal e como autorizou esta mañá o Consello da Xunta.

Así, a Sanidade pública galega investirá un total de 2.921.999 euros en sufragar os custos de persoal durante o primeiro semestre do ano. Desta cantidade, a Universidade da Coruña percibirá 517.430 euros; a Universidade de Santiago recolle un importe de 2.371.095 euros, e a Universidade de Vigo recibirá 33.474 euros.

Ademais, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Sanidade a seguir colaborando coa Universidade da Coruña no desenvolvemento do Programa Galego de Actividades Saudables, Exercicio e Alimentación (PASEA). Esta colaboración concretase nun investimento de 142.943 euros no 2008 para o apoio técnico para a formación e operatividade do Proxecto Concello Saudable, dirixido á participación de gobernos municipais na prestación de servizos de promoción da saúde á cidadanía dos municipios galegos.

Cooperación educativa

Por último, o executivo galego aprobou subscripción dun convenio de cooperación educativa entre o departamento que preside María José Rubio Vidal e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas preprofesionais, a través do que as e os estudantes poidan complementar a formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento, por parte do alumnado, da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados.



As prácticas preprofesionais estarán dirixidas a alumnos e alumnas da Universidade de Santiago de Compostela que no momento da solicitude superasen o 50 por cento dos créditos da súa titulación nos Plans Renovados ou se atopen nos dous últimos cursos dos plans non renovados.

As prácticas desenvolveranse nos centros, servizos ou unidades asistenciais que o Servizo Galego de Saúde pon a disposición do obxecto deste acordo. Non obstante o ámbito de aplicación poderase ampliar a centros do resto da Comunidade, cando así o aconsellen as necesidades docentes e organizativas.

A selección dos centros asistenciais para a realización das prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnos aceptados corresponderá á Consellería de Sanidade, a través da súa Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, unha vez consultados os correspondentes centros e dispositivos asistenciais e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE COLABORARÁ CO INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE EQUIPOS DE INVESTIGACIÓN EN BIOMEDICINA E CIENCIAS DA SAÚDE

- *Para tal efecto, o Executivo galego aprobou hoxe un proxecto de acordo que permite a incorporación de novos equipos de investigación no Sistema Sanitario Público de Galicia*

O Executivo galego autorizou esta mañá a sinatura dun convenio específico de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a través do Instituto Carlos III, e a Comunidade Autónoma de Galicia, por medio da Consellería de Sanidade, no marco do programa dirixido a favorecer a incorporación de grupos de investigación nas institucións do Sistema Nacional de Saúde, ao abeiro da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, con horizonte 2015.

Na III Conferencia de presidentes, celebrada en xaneiro de 2007, acordouse a estratexia nacional de Ciencia e Tecnoloxía, como elemento de vertebración das políticas nestes ámbitos, e para sentar as bases dunha maior cooperación en materia de I+D+i, entre as administracións do Estado e das Comunidades Autónomas.

Nesta conferencia recoñeceuuse a necesidade de reforzar a capacidade investigadora do Sistema Nacional de Saúde, e facilitar a transferencia da investigación para facer melloras na práctica clínica. Con este obxectivo, adquiríronse os compromisos de aumentar a contratación estable de investigadores excelentes ao sistema sanitario, aumentar a dotación de persoal asistencial dedicado á investigación, crear un fondo estable para a contratación de técnicos de apoio á investigación, e para favorecer a incorporación de investigadores nas Comunidades Autónomas en I+D+i biomédica e sanitaria.

Os obxectivos pois desta iniciativa, coordinada polo Instituto de Saúde Carlos III do Ministerio de Sanidade, son fomentar a creación de equipos de investigación, de carácter estable, en distintas Comunidades Autónomas, entre as que se atopa Galicia, de aí a sinatura deste convenio; e incrementar a capacidade de investigación no ámbito da biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a incorporación estable de recursos humanos de calidade no seu territorio.

Estes grupos de investigación estarán formados por un investigador e dous técnicos de apoio. O importe mínimo de financiamento anual para cada grupo é de 125.000 euros, con cargo aos presupostos do antedito Instituto.

As axudas permitirán o financiamento das contratacións durante un período de catro anos. Os candidatos que resulten seleccionados deberán ser contratados pola



Comunidade Autónoma, ou pola entidade por ela designada para o desenvolvemento das actividades contempladas no convenio. Pola súa banda, a Comunidade Autónoma comprométese a prover o espazo físico e a infraestrutura necesaria para que os grupos desenvolvan a actividade investigadora. Ademais, xestionará as axudas e efectuará o seu adecuado control.



O GOBERNO GALEGO INCIDE NA PREVENCIÓN, ASISTENCIA E INCORPORACIÓN SOCIAL NO NOVO *PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS 2007-2009*, APROBADO HOXE POLO CONSELLO

- *O investimento destinado polo departamento que preside María José Rubio Vidal para levar a cabo as medidas que recolle este documento sitúase arredor de 60 millóns de euros*
- *Este Plan supón un esforzo planificador que dá coherencia ao sistema de atención ás drogodependencias*
- *A actual rede asistencial conta con 30 centros nos que traballan máis de 300 profesionais, e que desenvolven 240 programas preventivos e arredor de 40 de incorporación*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, documento que incorpora importantes novidades en materia de prevención, asistencia e incorporación social das e dos drogodependentes.

A aprobación deste Plan enmárcase dentro da liña de potenciación da atención ás persoas drogodependentes que fai que de cara ao ano 2008, o Goberno galego destine 17,5 millóns de euros, un millón máis que no actual exercicio. Este investimento, ao igual que o Plan, céntrase nas áreas de prevención e reinserción aumentando a cobertura da poboación dos programas preventivos e mellorando a súa carteira de servizos con novos programas. O importe destes programas de loita contra a droga viuse incrementado nun 32,70 por cento dende o orzamento inicial de 2005 ao 2008.

Entre as novidades prevista está estender ao 100 por cento do ensino primario e secundario dos programas de prevención; a intensificación das medidas de control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco; o apoio de programas preventivos baseados en evidencias científicas; a ampliación da carteira dos servizos asistenciais; ampliará, a través deste Plan, os Programas de Incorporación Social personalizados; e mellorará a colaboración coa Administración de Xustiza para permitir a incorporación a tratamento ou continuidade deste das e dos drogodependentes con problemas xurídico-penais.

Catro puntos con case 300 programas

A estrutura do Plan artículase en catro puntos. Un primeiro de análise da situación, onde se recolleron datos epidemiolóxicos de consumo de drogas, as súas tendencias no tempo, o impacto social e sanitario e os factores de risco e de protección. Así mesmo, neste documento hoxe aprobado polo Executivo galego, faise unha avaliación das actuacións realizadas e dos obxectivos do anterior plan.



O segundo punto do Plan, dedicado á avaliación de necesidades, considera unha análise da problemática existente nos diferentes ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, así como un diagnóstico das medidas levadas a cabo ata a actualidade.

O terceiro punto do Plan describe o modelo, principios e directrices, así como prioridades de intervención e obxectivos temporalizados, tendo en conta a evidencia científica e as conclusións da investigación de resultados en saúde.

O cuarto punto, denominado áreas de intervención, describe as actuacións a realizar e os indicadores de avaliación en cada unha das áreas de prevención, asistencia, incorporación social, formación, investigación e avaliación e coordinación.

Este Plan supón, polo tanto, un esforzo planificador que dá coherencia ao sistema de atención ás drogodependencias, configurado por ao redor de 30 centros asistenciais, máis de 240 programas preventivos, arredor do 40 de incorporación e máis de 340 profesionais.

Este labor de planificación que considera o documento hoxe aprobado pretende optimizar as accións e programas, así como preparar á rede para adecuarse a un novo modelo caracterizado pola asunción progresiva no sistema xeral de saúde dos dispositivos asistenciais no horizonte do 2009.

Novidades

En materia de prevención, o Plan incorpora importantes novidades como é o reforzamento de accións dirixidas a previr o uso e o abuso de drogas entre as e os adolescentes e a mocidade; ou a ampliación da cobertura dos programas de prevención no medio escolar, coa oferta de implementación dun programa de prevención ao cento por cento dos centros de Ensinanza Primaria e Secundaria.

Outras novidades do Plan en materia de prevención son: a ampliación dos programas dirixidos ás familias; a intensificación do traballo con adolescentes e mozos en situación de especial risco; a intensificación das medidas de control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco; a promoción de cambios nas actitudes sociais fronte ás drogas a través do reforzamento das accións informativas; e o apoio de programas preventivos baseados en evidencias científicas mediante a aprobación dunha orde de acreditación de programas de carácter preventivo, así como de manuais e guías.

En materia de asistencia as novidades consideradas son, entre outras, a asunción progresiva funcional, nunha primeira fase, dos centros e posteriormente a integración unicamente dos servizos especializados en tratamentos de drogodependencias como centros especializados no tratamento de condutas aditivas da Rede Asistencial de

Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde; a ampliación da carteira dos servizos asistenciais; a mellora do tratamento dos trastornos por patoloxía dual; o incremento da accesibilidade dos pacientes mediante o establecemento de mecanismos de coordinación con Primaria; a ampliación da cobertura asistencial dos problemas do abuso de alcohol; e o fortalecemento dos programas de redución de riscos e diminución de danos asociados ao uso de drogas.

No eido da incorporación social, o departamento que dirixe María José Rubio Vidal ampliará, a través deste Plan, os Programas de Incorporación Social personalizados; favorecerá o acceso dos drogodependentes ao mercado laboral; asegurará o acceso ás prestacións sociais básicas dos drogodependentes que sofren grave desarraigo social; e mellorará a colaboración coa Administración de Xustiza para permitir a incorporación a tratamento ou continuidade do mesmo dos drogodependentes con problemas xurídico-penais.

No ámbito da formación, realizarase un Plan Director de Formación Continuada en Drogodependencias para permitir a actualización de coñecementos ao conxunto de profesionais do sistema; realizaranse actividades de formación conxunta entre os profesionais das unidades de tratamento e as de saúde mental; facilitarase a especialización de pre e posgrao en drogodependencias do alumnado que cursen estudos no campo das Ciencias da Saúde; e reforzaranse os programas de formación destinados a mediadores sociais, posto que a Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias considera que estes profesionais cumpren unha función clave.

No ámbito da investigación, no marco do Plan, impulsarase un programa orientado ao descubrimento de novas evidencias teóricas que axuden a mellorar a prevención, asistencia e incorporación; apoiarase a creación de grupos de investigación estables; desenvolverase un programa de avaliación das principais liñas de actuación promovidas, e, ademais, implantarase un novo Sistema de Avaliación Asistencial que sexa común ao conxunto de centros que integran a Rede Asistencial de Saúde Mental e Drogodependencias e compatible co resto do Servizo Galego de Saúde.

Por último, no campo da coordinación, crearase un Consello Asesor da Xunta en materia de drogodependencias, así como unha Comisión Mixta coas administracións locais; e potenciarase a cooperación coa iniciativa social mediante a creación dunha Comisión de Participación Social en Drogodependencias.



AUGAS DE GALICIA E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE INVESTIRÁN CASE 12 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO EMISARIO SUBMARINO DE CABO PRIORIÑO EN FERROL

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a suscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente para a realización deste proxecto, incluído nas obras de mellora da depuración e verteduras da ría de Ferrol*
- *A Confederación Hidrográfica do Norte asumirá o 85% do custo, mediante achegas procedentes dos fondos Feder da Unión Europea; e Augas de Galicia financiará o 15% do proxecto*

O Consello da Xunta acordou hoxe o investimento de 11.938.730 euros na execución e explotación do emisario submariño de Cabo Prioriño, no marco das obras de mellora da depuración e verteduras de Ferrol (A Coruña). A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través de Augas de Galicia, e o Ministerio de Medio Ambiente, mediante a Confederación Hidrográfica do Norte (CHN) efectuarán esta obra.

O proxecto do emisario submarino sumarase aos convenios de colaboración xa suscritos entre a administración central e autonómica para a mellora da depuración de Ferrol, que inclúen a impulsión da Malata e o emisario terrestre, e a EDAR de Cabo de Prioriño. O emisario, que contará cunha lonxitude de 1.178 metros e un diámetro de dous metros, permitirá verter ao mar as augas procedentes da EDAR de Cabo Prioriño.

A Confederación Hidrográfica do Norte asumirá o 85% do importe total das obras, mediante achegas procedentes dos fondos Feder da Unión Europea, cun investimento total de 10.186.170 euros distribuído en tres anualidades. Pola súa parte, o organismo autónomo Augas de Galicia financiará o 15% restante, o que suporá un investimento de 1.797.559 euros, tamén en tres anualidades. Así mesmo, a CHN encargárase da licitación, adxudicación e xestión dos contratos de obra para levar a cabo o proxecto.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA AVALIARÁN O IMPACTO AMBIENTAL QUE PRODUCEN AS ACTIVIDADES DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA NOS SEUS CAMPUS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos organismos que permitirá desenvolver esta análise*
- *Entre as actuacións previstas atópase determinar a “pegada ecolóxica” da universidade, que consiste en avaliar as emisións de CO2 que se producen en diferentes actividades; a redacción dun plan de protección ambiental e a posta en marcha dun programa de préstamo de bicicletas*
- *O investimento para estas accións será de 98.500 euros, financiado a partes iguais entre a consellería e a universidade*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Universidade da Coruña (UDC) analizarán o impacto ambiental que producen as actividades realizadas pola comunidade universitaria nos seus campus da Coruña e Ferrol. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos organismos, que permitirá avaliar as emisións de CO2 que se producen na universidade; determinar a “pegada ecolóxica” da UDC; poñer en marcha un servizo de préstamo de bicicletas e redactar un plan especial de protección ambiental na zona universitaria.

O convenio para a análise do impacto ambiental da Universidade da Coruña contará cun investimento de 98.500 euros, que será financiado a partes iguais entre a Consellería de Medio Ambiente e a universidade, cunha achega de 49.250 euros por cada organismo. O obxectivo deste é desenvolver unha serie de actuacións encamiñadas a promover e consolidar as pautas de sustentabilidade na universidade, entre as que se atopan a elaboración da súa “pegada ecolóxica” .

Pegada Ecolóxica

A “pegada ecolóxica” representa o custo que supón para o ambiente o modelo de vida que se desenvolve na comunidade universitaria. A metodoloxía de cálculo basease na estimación das emisións de CO2 asociadas a diferentes actividades que se realizan na universidade, tendo en conta dous indicadores: o de recursos, no que se contabiliza o consumo de electricidade, gasóleo, auga e papel; e o de mobilidade, que representa as emisións de CO2 que producen os desprazamentos habituais na cidade por parte da comunidade universitaria. Os datos obtidos expresaranse en hectáreas por persoa e ano, o que permitirá representar a extensión de terreo en Galicia que sería necesaria para asimilar ditas emisións.



Programa de mobilidade e préstamo de bicicletas

Entre as accións previstas inclúese a posta en marcha dun programa de mobilidade nos campus da UDC, co fin de coñecer os hábitos de desprazamento aos centros de estudo nas cidades da Coruña e Ferrol, tendo en conta unha serie de indicadores de mobilidade, como son: a distribución dos medios de transporte empregados; a media de desprazamentos por persoa e a media de distancia percorrida en medios motorizados e non motorizados. Para elaborar este programa realizarase unha enquisa aos membros da comunidade universitaria.

O convenio posibilitará a posta en marcha dun servizo de préstamo de bicicletas na UDC, co obxectivo de promover o emprego deste medio de transporte como vehículo sustentable nos campus da Coruña e Ferrol. Para iso realizaranse diversas accións de xestión asociadas a este programa (planificación dunha campaña informativa, xestión e tramitación de solicitudes...) e a análise e seguimento do seu funcionamento, mediante enquisas aos usuarios.

Plan Protección Medio Ambiental

A UDC redactará un Plan Especial de Protección Medio Ambiental para o ámbito da área universitaria de Elviña – A Zapateira, na busca de resolución aos problemas de circulación, mellora dos servizos públicos e da eficiencia enerxética nesta zona. Neste plan recolleranse as propostas para mellorar a circulación e o uso do transporte, segundo os datos obtidos do programa de mobilidade. Así mesmo, analizaranse as melloras nos servizos públicos nestas áreas universitarias e realizarase un programa de mellora e eficiencia enerxética para o aproveitamento axeitado de recursos como luz, auga e outras enerxías.

Os resultados e conclusións dos diferentes programas enmarcados neste convenio publicaranse na web da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental da UDC, e nunha publicación impresa.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 5,1 MILLÓNS DE EUROS NO TRATAMENTO DOS DEPÓSITOS DE PNEUMÁTICOS FÓRA DE USO EXISTENTES EN GALICIA

- *A Sociedade Galega de Residuos Industriais, Sogarisa, asumirá a xestión dos depósitos históricos de pneumáticos, que actualmente roldan as 40.000 toneladas*
- *O tratamento e valorización destes residuos realizarase na planta das Somozas, aínda que será necesaria a adaptación e ampliación das instalacións*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 5.104.684 euros ao tratamento e valorización dos pneumáticos fóra de uso acumulados en Galicia. A xestión destes residuos realizarase mediante un convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Residuos Industriais, Sogarisa, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a suscripción deste.

Mediante este convenio será posible realizar o tratamento dos pneumáticos acumulados nos diferentes concellos galegos, o que supón unha cantidade estimada de 40.000 toneladas. A maior parte dos depósitos de pneumáticos atópanse nos municipios coruñeses das Somozas, A Laracha e Fene e a súa xestión realizarase na planta de Sogarisa, no marco das actividades que esta sociedade está a desenvolver como concesionaria da xestión do servizo público da planta de tratamento de residuos industriais de Galicia.

O investimento da Consellería de Medio Ambiente destinarase aos gastos fixos necesarios para o tratamento e eliminación dos depósitos históricos de pneumáticos existentes en Galicia, que incluírán o proxecto e dotación dos equipos necesarios; para o que está prevista unha achega de 1,1 millón de euros. Os gastos variables contarán cunha achega de 4 millóns de euros, tendo en conta as 40.000 toneladas de residuos estimadas, a un custo no seu tratamento de 100 euros por tonelada.

Sogarisa adaptará e ampliará as súas instalacións para acometer o completo tratamento e eliminación dos residuos; unha ampliación que se incorporará á concesión existente e que reverterá á Xunta, unha vez rematada a dita concesión.



A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS A MEDIDAS DE SEGURIDADE PARA MINIMIZAR AS FUXIDAS DE VISÓNS AMERICANOS DAS GRANXAS

- *O Goberno galego acorda a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Criadores de Visón que permitirá dotar de material de seguridade ás granxas*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 200.000 euros ao financiamento de medidas de seguridade para minimizar as posibles fuxidas de visóns americanos das granxas, co fin de evitar así os danos que producen estes animais nos espazos naturais. O Consello da Xunta autorizou hoxe a suscripción dun convenio de colaboración entre a consellería e a Asociación Galega de Criadores de Visón, que permitirá dotar as granxas de cría de visóns do material de seguridade necesario.

O obxectivo deste convenio é minimizar o risco de fuxida destes animais, xa que ao escapar das granxas nas que se crían en cativeiro, representan un factor importante de ameaza á fauna autóctona e ao funcionamento normal dos ecosistemas. A Asociación de criadores de visón disporá dunha oficina de apoio en Santiago para coordinar as actuacións necesarias para a instalación do material de seguridade nas granxas.

O investimento da Consellería de Medio Ambiente financiarase en dúas anualidades, a primeira con cargo aos orzamentos de 2008, por un importe de 100.000 euros; e a segunda, pola mesma cantidade, en 2009.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA TVG PARA A PRODUCCIÓN, REALIZACIÓN E EMISIÓN DUN PROGRAMA QUE REFLECTE A SITUACIÓN DA VIVENDA EN GALICIA

- *O programa analizará as diferentes opcións para o acceso a unha vivenda, que van desde o alugueiro ou a rehabilitación, ata a adquisición dunha vivenda protexida ou a autopromoción da propia vivenda*

A Consellería de Vivenda e Solo asinará un convenio de colaboración coa Televisión de Galicia para a produción, realización e emisión dun programa que reflicte a situación da vivenda en Galicia. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 500.000 euros por parte da Consellería para a realización deste programa.

Trátase dunha serie documental que constará de 13 episodios de 40 minutos de duración que se emitirá semanalmente. O programa fará un seguimento exhaustivo das características e necesidades de hábitat en Galicia, e analizaranse as diferentes opcións para o acceso a unha vivenda, que van desde o alugueiro ou a rehabilitación, ata a adquisición dunha vivenda protexida ou a autopromoción da propia vivenda.

No programa participarán expertos que prestarán asesoramento en materia de construción, interiorismo, habitabilidade e, especialmente, das diferentes actuacións e programas de axuda dos que dispón a Consellería de Vivenda e Solo para facilitar o acceso a unha vivenda.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA PARA INVESTIR CASE 5,5 MILLÓNS DE EUROS EN ACTUACIÓNS QUE PERMITIRÁN CORREXIR DE XEITO INMEDIATO OS PROBLEMAS DE SECA EN 13 CONCELLOS E MELLORAR AS PREDICCIÓNS METEOROLÓXICAS

- *O conselleiro, Manuel Vázquez, informou ao Consello dos proxectos considerados prioritarios, que se executarán polo trámite de urxencia, e que contarán cun investimento de 5.440.860 euros*
- *Entre as actuacións previstas atópanse melloras no abastecemento aos núcleos de poboación especialmente afectados pola seca, a restauración de zonas de captación de fontes e mananciais en parques naturais e a adquisición dun radar para a predición de fenómenos meteorolóxicos extremos*
- *A Consellería de Medio Ambiente traballa nunha segunda batería de actuacións que completarán o plan do Goberno galego fronte a situación de seca e que se porán en marcha a partir de mediados de xaneiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, a proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, a declaración de emerxencia para a execución inmediata dunha batería de actuacións destinadas a paliar os efectos da seca que está a padecer Galicia. Estas obras forman parte das medidas a acometer a curto prazo para garantir o abastecemento de auga nos núcleos de poboación especialmente afectados pola seca, as que se suma a adquisición, tamén pola vía de urxencia, dun radar meteorolóxico para mellorar tanto a fiabilidade como a rapidez das predicións. As actuacións aprobadas polo Consello da Xunta complétanse coa restauración das zonas de captación de fontes e mananciais nos parques naturais.

O importe total da inversión que realizará a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible pola vía de emerxencia ante a situación de seca ascende a 5,4 millóns de euros.

Así, por unha banda, Medio Ambiente destinará 2.472.686 millóns a obras, consideradas prioritarias, que inclúen melloras hidráulicas en zonas que teñen carencia de auga para o consumo. As obras hidráulicas de emerxencia teñen como obxectivo garantir o abastecemento de auga a núcleos de poboación máis afectados polo risco de seca, e incluírán a construción de depósitos para o abastecemento en Monte Pino e Lema, no concello coruñés de Cambre; captacións de auga en Bretoña, no concello de A Pastoriza (Lugo) e Vales e Queimadelos, en Mondariz (Pontevedra). Así mesmo acometeranse obras de abastecemento a Parga, no concello de Guitiriz, e a Eirás, Ventín, Barreiros e Bouzá, no concello de Pol (Lugo).

Na provincia de Ourense está previsto realizar obras de abastecemento ás parroquias de Vozqueimados, Bretelo, San Cristovo, Celeiros e Drados, no concello de



Chandrea da Queixa; a Casal do Bispo e Sabucedo, en Vereá; á zona baixa do municipio de Punxín; a San Lázaro e Espiño, en A Veiga; a Tosende, Meaus e San Paio, en Baltar; e ás localidades de As Mercedes, Vilela e Lucenza, no concello de Cualedro.

Estas actuacións completaranse coa construción dun depósito de distribución de auga en San Amaro (Ourense) e as melloras de bombeos e captacións no sistema de abastecemento do Salnés, en Cambados (Pontevedra).

Radar de predicción meteorolóxica

Por outra parte, as circunstancias climáticas cambiantes fan cada vez máis necesario contar cunha predicción meteorolóxica o máis fiable e rápida posible, a fin de mellorar a capacidade de resposta ante situacións extremas. Con este obxectivo, a Consellería de Medio Ambiente destinará 2.350.000 euros á adquisición dun radar meteorolóxico, que permitirá predicir coa mínima marxe de erro os fenómenos adversos, especialmente as intensas choivas causantes de inundacións, como as do pasado ano, en alternancia con persistentes secas, como está a acontecer.

Este radar complementará o traballo do xa existente no norte de Galicia, pertencente ao Instituto Nacional de Meteoroloxía, suplindo así a carencia deste tipo de medios e axustando a predicción de fenómenos adversos, ao permitir a obtención de mapas de intensidade de precipitacións previstas ata tres horas e das acumuladas durante períodos concretos de tempo en zonas determinadas.

Parques Naturais

Por último, a Consellería de Medio Ambiente destinará 618.172 euros á restauración das zonas de captación de fontes e mananciais en parques naturais, tendo en conta a importancia que estes teñen para o hábitat e ecosistemas. Estas obras realizaranse nos parques da Serra do Xurés, Fragas do Eume, Serra da Enciña da Lastra, Serra do Invernadoiro, Corrubedo e Monte Aloia.

A esta primeira batería de actuacións, que se levarán a cabo pola vía de emerxencia para garantir a súa execución inmediata, se sumarán as que a Consellería de Medio Ambiente porá en marcha a medio prazo e que pretenden solucionar de xeito estrutural problemas de abastecemento en grandes núcleos de poboación de Galicia. Esta segunda parte do plan contra a seca está agora mesmo en fase de elaboración e serán presentadas a mediados do próximo mes de xaneiro.